

Convenio o Acordo: Asociación Galega San Francisco (AGASFRA)

Expediente: 36/11/0291/2024

Data: 25/11/2024

Asunto: COMUNICACIÓN DE INSCRICIÓN (SEN PUBLICACIÓN)

Destinatario: ELADIO FERNANDEZ PEREZ

Código de Convenio número 36103882112024.

Visto o Acordo da Comisión Negociadora polo que se aproba o texto do acordo sobre o plan de igualdade para o persoal da empresa **Asociación galega San Francisco (AGASFRA)**., subscrito en representación da parte económica, por unha representación da empresa, e da parte social **polos representantes elixidos po los traballadores da empresa como membros da comisión negociadora** , en data 28 de outubro de 2024,

Primeiro.- Dito acordo foi presentado no Departamento Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración de Pontevedra, con sede en Vigo, en data 8 de novembro de 2024

Segundo.- Que no mesmo non se aprecia ningunha infracción da legalidade vixente e as súas cláusulas non conteñen estipulacións en prexuízo de terceiros.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Que o artigo 90.2 e 3 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, do Estatuto dos Traballadores, outorga facultades a Autoridade laboral competente en orde ao rexistro, publicación, depósito e notificación dos Acordos Colectivos pactados no ámbito da súa competencia.

Segundo.- O artigo 2.1f) do Real Decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre Rexistro e Depósito dos convenios e acordos colectivos de traballo.

Area de Relacións Laborais
DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE PONTEVEDRA
Edificio Administrativo da Xunta de Galicia
Concepción Arenal, 8, andar 2 36201 Vigo

Terceiro.- Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo,

Esta xefatura territorial,

RESOLVE

Primeiro.- Ordenar o seu rexistro e inscrición sen publicidade no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante Orde do 29 de outubro do 2010 (DOG nº 222, do 18.11.2010).

Segundo.- Ordenar a notificación desta RESOLUCIÓN á mesa negociadora do Plan de Igualdade , facéndolle saber do seu dereito de interpoñer contra ela recuso de alzada ante o Secretario xeral de Relacións Laborais e por conduto desta xefatura territorial, no prazo dun mes, que se contará a partir do día seguinte ao da súa notificación legal, de conformidade cos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

.....

O director territorial,
JOSE ANTONIO RODRIGUEZ FACHADO

FIRMADO POR: JOSE ANTONIO RODRIGUEZ FACHADO
AC CAMERFIRMA FOR NATURAL PERSONS - 2016
Firma Válida

Area de Relacións Laborais
DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE PONTEVEDRA
Edificio Administrativo da Xunta de Galicia
Concepción Arenal, 8, andar 2 36201 Vigo